

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 01.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 7112 (10/PNC-000732)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co alcance e aprobación do Plan básico autonómico previsto na Lei do solo de Galicia e que vai substituír as Normas subsidiarias provinciais de planeamento aprobadas no ano 1991
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 1.2 7861 (10/PNC-000824)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da afección da construción dun embarcadoiro entre as praias da Iriña e da Panadeira polo Real Club Náutico de Sanxenxo na conservación do espazo natural público e no dereito dos veciños ao gozo deses areas urbanas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 1.3 8034 (10/PNC-000842)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa incidencia que está a ter a política comercial de Renfe na cohesión social e territorial de Galicia e a discriminación horaria e económica que padecen as persoas usuarias do traxecto Ourense-Santiago de Compostela e Ourense-A Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.4 12988 (10/PNC-001223)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento co fin de que proceda á mellora do firme da N-540, nas inmediacións da localidade de Chantada, e de maneira especial no tramo que comunica a estrada LU-533 co corredor CG 2.1 (de Chantada a Lalín)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

- 1.5 18483 (10/PNC-001500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan de actuación para a conservación, mantemento, dinamización e promoción do parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e San Xulián de Marín, así como a consignación para o ano 2018 dunha partida orzamentaria para o seu desenvolvemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 236, do 10.01.2018
- 1.6 18622 (10/PNC-001509)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co risco que presentan para as persoas usuarias os danos detectados na calzada da vía de Santa Mariña que bordea a praia de Razo, así como na zona coñecida como "baixada da Cabreira", no concello de Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017
- 1.7 21517 (10/PNC-001761)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre a asunción polo Goberno galego do financiamento preciso para a revisión e actualización do Plan especial de protección do núcleo histórico do concello de Corcubión e a súa materialización no menor tempo posible
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017
- 1.8 22473 (10/PNC-001818)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a rede de abastecemento de auga da cidade de Vigo, así como ampliar e modernizar a ETAP do Casal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018

Punto 2. Pregunta

- 2.1 21559 (10/POC-003459)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o sistema de abastecemento de auga que está a utilizar Elnosa, o lugar de captación e a súa autorización, así como a valoración do Goberno



galego en relación co incremento do consumo previsto pola empresa nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7112(10/PNC-000732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co alcance e aprobación do Plan básico autonómico previsto na Lei do solo de Galicia e que vai substituír as Normas subsidiarias provinciais de planeamento aprobadas no ano 1991

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 16:34
Nº Rexistro: 7112
Data envío: 27/03/2017 16:34:21.084

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de Motivos:

A Lei do Solo aprobada na pasada lexislatura, recolle a necesidade de redactar o coñecido como Plan Básico Autonómico que virá a substituír as Normas Subsidiarias Provinciais de planeamento (NNSS Provinciais) aprobadas no ano 1991.

Na súa comparecencia parlamentaria a petición propia para explicar os obxectivos da Consellería para esta lexislatura, a Sra. Conselleira anunciou o establecemento e desenvolvemento da figura do Plan Básico Autonómico para facilitar, en desenvolvemento deste, os Plan Básicos Municipais dos concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan actualmente cun PXOM.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

“Instar a Xunta de Galicia a:

1. Consensuar ca FEGAMP o alcance do Plan Básico Autonómico tanto en contido como en funcionalidade.”
2. Aprobar ca maior celeridade posible o Plan Básico Autonómico que permita aos concellos que aínda non teñen planeamento urbanístico aprobado redactar o seu plan básico municipal”

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 16:34
Nº Rexistro: 7112
Data envío: 27/03/2017 16:34:21.084

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/03/2017 16:31:09

Martín Fernández Prado na data 27/03/2017 16:31:40

Jaime Castiñeira Broz na data 27/03/2017 16:31:57

Marta Novoa Iglesias na data 27/03/2017 16:32:03

Gonzalo Trenor López na data 27/03/2017 16:32:17

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/03/2017 16:32:41

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/03/2017 16:32:55

Antonio Mouriño Villar na data 27/03/2017 16:33:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 7861(10/PNC-000824)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da afección da construción dun embarcadoiro entre as praias da Iriña e da Panadeira polo Real Club Náutico de Sanxenxo na conservación do espazo natural público e no dereito dos veciños ao gozo deses areas urbanas

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7861
Data envío: 10/04/2017 14:58:28.184



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As praias Caneliñas (296), Silgar (298), Iriña (299) e Panadeira (300) figuran no actual POL (Plan de Ordenación do Litoral) como praias urbanas de Sanxenxo. O Real Club Náutico de Sanxenxo solicitou a Portos de Galicia licenza para construír entre as praias da Iriña (Os Barcos) e a Panadeira un pantalán de 124 amarres. Portos de Galicia concedeu a licenza con data 09 de maio de 2012.

A Plataforma veciñal SOS Panadeira, mobilízase, mentres o concello de Sanxenxo, O Colexio de Biólogos, a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) e o Informe do Colexio de Educadores Sociais manifestan a súa oposición á obra.

As obras non contan con licenza municipal polo que os técnicos do concello emitiron un informe desfavorable.

O 15 de maio de 2013, Portos de Galicia emite orde de paralización pola polémica no ámbito social na vila e discrepancia co proxecto construtivo. Posteriormente o Real Club Náutico de Sanxenxo presenta modificacións do proxecto e o 17 de xuño de 2013 obtén permiso para retomar as obras. Cortan primeiro 3 pilotes e, posteriormente, 6 pilotes. Varios, cravados nas rochas, tiveron que ser cortados e posteriormente as súas bases cubertas con grandes



sacos de área foránea. Polo que o número de amarres quedou reducido a 61. Aínda que, inexplicablemente, a Consellería de Medio Ambiente afirma que a obra non está suxeita a declaración de impacto ambiental, suxire unha serie de actuacións que consideramos que non se cumpriron.

Na modificación do proxecto o Real Club Náutico de Sanxenxo comprometeuse a deixar 33,5 metros entre a Praia Panadeira e o pantalán. SOS Panadeira ten demostrado que só hai 16,85 m. Os dous areais (Panadeira e Iriña (Os Barcos)) están seriamente afectados pola obra do Real Club Náutico de Sanxenxo que está transformando este espazo en zona portuaria, o que conleva un aumento de contaminación e limitación de baño (verquidos, biocidas...), que se está a usar un ben de dominio público con gran acervo no pobo en beneficio dunha empresa privada. Mesmo se está a usar o espazo non destinado a amarres para motos e zodiacs... Segundo a UE, onde acudiu SOS Panadeira, as obras deberían estar sometidas a unha avaliación que teña en conta a conservación do espazo natural público.

Por todo o exposto anteriormente, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ó Goberno da Xunta de Galicia a que elabore un estudo da afección deste pantalán tendo en conta a conservación do espazo natural público e o dereito das veciñas ao disfrute destes areais urbanos

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 7861
Data envío: 10/04/2017 14:58:28.184

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/04/2017 14:56:17

Antón Sánchez García na data 10/04/2017 14:56:26

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8034(10/PNC-000842)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa incidencia que está a ter a
política comercial de Renfe na cohesión social e territorial
de Galicia e a discriminación horaria e económica que padecen
as persoas usuarias do traxecto Ourense-Santiago de
Compostela e Ourense-A Coruña

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** e dos seus deputados **Antón Sánchez García** e **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galicia garanta a cohesión social e territorial de todas as persoas que residen en Galicia.

Exposición de motivos:

Os medios de transporte deben garantir a cohesión social e territorial. Así emana, cando menos, senón do sentido común que debера impregnar as actuacións da administración pública, si dos principais documentos das principais institucións da Unión Europea, como son o Parlamento e a Comisión.

É evidente a desastrosa actuación do executivo galego e estatal a ese respecto. En efecto, non será preciso lembrar que Galicia, por ser rexión periférica, sempre sufriu unha dobre eiva: por unha banda, exterior, a falta de conectividade digna co resto do estado e, por outra banda, interior, onde se manifestou sempre unha conectividade deficitaria entre as principais vilas e cidades galegas.

Dende diferentes colectivos e organizacións, levamos reivindicando a necesidade de que Galicia sexa artellada mediante transporte público, sendo os máis relevantes os transportes que teñen unha capacidade colectiva, por seren máis sociais e ter menor impacto ecolóxico, ao seren disuasores do uso do transporte privado. Nese sentido, pulamos por un ferrocarril de calidade, de altas prestacións e que artelle o territorio, favorecendo así a cohesión social e a igualdade da cidadanía galega.



No entanto, os sucesivos gobernos sempre miraron, con exceso, ao AVE, un medio que, ao noso entender, e segundo algunhas investigacións científicas, fractura o territorio ao precisar de moita distancia entre paradas. Iso derivou, a medida que se implantaba, na supresión de moitas paradas de localidades intermedias, cuxos veciños e veciñas adoitaban empregar o tren como medio de transporte para chegar a unha localidade de maior envergadura e provisión de servizos. Esa accesibilidade esnaquizouse, polo que se estableceu, coa implantación do AVE, un incremento das desigualdades entre galegos e galegas. O territorio galego polarizouse ao redor dos desexos dos estratexas do AVE no seu discorrer. Os restantes municipios vén como se incrementa a súa desigualdade de partida ao perderen, moitos deles, a única parada de tren da que dispuñan.

O AVE non favorece a cohesión social e territorial. Mais, aínda así, e unha vez que existe este servizo, é de rigor que non se sosteña implementando novas discriminacións e desigualdades, sobre todo considerando o enorme desbaldimento de recursos públicos que pertencen, por dereito, a todos os galegos e galegas. É o que queremos denunciar e solventar con esta iniciativa.

En efecto, é de obriga para as administracións públicas responsables optimizar o servizo do que dispoñemos a día de hoxe en Galicia. Se realizamos unha comparativa entre as cidades que son conectadas mediante ferrocarril, resulta obvia a discriminación tanto horaria como económica para as persoas usuarias do traxecto Ourense-Compostela. Na seguinte relación de horarios podemos apreciálo (recóllense os horarios de AVANT, ALVIA, INTERCITY, MD e REXIONAL):

A Coruña- Compostela: 6:30, 7:00, 7:15, 8:00, 8:05, 9:00, 9:10, 9:30, 10:00(rex) 11:00, 11:40, 12:00, 13:00,13:15(rex), 14:00, 14:40, 15:00, 15:45 (rex), 16:30, 17:00, 18:00, 20:00, 21:00, 21:10, 22:10 (rex)



Compostela-A Coruña: 6:48(rex), 7:30, 7:42, 8:35, 9:42, 11:22(rex), 12:07, 12:30(rex), 12:50, 14:05(rex) 14:17, 14:44, 15:27, 16:10, 16:44(rex), 17:27, 18:07, 18:40, 19:07, 20:01, 20:21, 20:27, 20:50, 22:00, 22:07(rex), 22:39, 22:55(rex).

Vigo-Compostela: 5:13(rex), 6:40, 6:58(rex) 8:50, 9:45(rex), 11:15, 13:40, 14:35, 16:35, 15:10(rex), 17:15, 17:25, 18:15, 18:20(rex), 19:35, 20:30(rex), 21:35. (con parada en Pontevedra???)

Compostela- Vigo: 6:17(rex), 7:30, 8:30, 9:30, 10:42(rex), 11:30, 12:30, 13:30, 14:35, 14:35(rex), 15:30, 17:30, 16:27(rex), 18:30, 19:50(rex), 20:40(rex), 21:32, 22:00(rex).

Compostela- Ourense: 5:15, 7:00, 7:48, 8:34, 9:39, 10:06, 12:10, 14:30, 14:35, 15:12, 15:35, 17:00, 17:25(rex), 20:30.

Ourense-Compostela: 6:50, 7:55, 12:10, 13:30(rex), 13:36, 14:25, 15:30, 18:00, 19:18, 19:39, 20:10, 21:20, 23,19.

A frecuencia horaria que ten Ourense é moi mellorable en canto ao servizo que presta, é dicir, non tanto en número, senón en distribución do horario, pois un cidadán ou cidadá de Ourense vé como durante 4 horas pola mañá non ten posibilidade de desprazarse. Algo carente de xustificación considerando os principios de cohesión social e igualdade, ao mesmo tempo que o da accesibilidade. Vemos que entre outros lugares, a frecuencia é practicamente cada hora. Pola contra en Ourense se aplican uns horarios que responden aos servizos de longa distancia e non á necesidade das usuarias. O principal é dar o servizo e despois avaliar o seu impacto.

Xunto a esta discriminación horaria está a política comercial de Renfe que afortala esta desigualdade social e territorial, pois as tarifas que se están a aplicar no tramo Ourense - Compostela (TARIFA especial 4) son diferentes ás que se aplica no tramo Compostela - A Coruña (TARIFA especial 6), encarecendo de



forma substancial os desprazamentos dende Ourense en comparación aos outros lugares.

A aplicación sen criterio desta diferenza de tarifas provoca unha situación canto menos paradóxica xa que sendo o mesmo tren o que fai o servizo Ourense-A Coruña, debido á aplicación de tarifas diferentes, atopámonos por exemplo que a tarifa 6 no traxecto A Coruña-Compostela permite transporte de bicicletas no espazo habilitado para iso, mentres ao chegar a Compostela o cambio de tarifa obriga a que estas mesmas bicicletas deban ir empaquetadas como equipaxe.

No traxecto de Ourense - Compostela os bonos de transporte dispoñibles computan a un número de viaxes (de 30 a 50) restrinxidos no seu uso a 30 días naturais dende o día que se realiza a primeira viaxe, mentres que o cómputo nas viaxes dos bonos existentes entre A Coruña e Compostela limítase a un cómputo temporal e non por traxecto, permitindo así que as persoas usuarias realicen as viaxes necesarias nun tempo determinado. Estas variables veñen a demostrar que se están a aplicar políticas tarifarias diferentes sen motivo xustificado.

Esta discriminación horaria/económica repítese tamén no traxecto Ourense-Vigo na que ademais de prezos desproporcionados, xa che chegan aos 24 euros e a duración da viaxe oscila entre 1h51 e 2h30, existe unha desconexión de frecuencias de 4 horas pola tarde. A aplicacións de prezos a este traxecto no que se transita por unha vía convencional para un tren Avant ou Alvia, debería aplicar as tarifas convencionais igual que acontece nos traxectos de O Barco de Valdeorras- Ourense no que viaxa o Tren Hotel e se lle aplica ás persoas usuarias unha tarifa de rexional polo servizo que fai.

Os intereses económicos da compañía non poden estar por riba dos dereitos da cidadanía que reside na cidade de Ourense. E a Xunta de Galicia debe defender os dereitos das persoas que permiten a súa sustentabilidade real. Debe exercer a



súa responsabilidade e reclamar ante o operador unha regularización de horarios e tarifas que igualem a actual desvantaxe que padece un ourensán ou ourensá.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Reclamar ante o Goberno central a resolución da desigualdade social e territorial que causa a política comercial de RENFE e favorecer o principio de cohesión social e territorial que deben cumprir os medios de transporte públicos.
2. Esixir ao Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia de galegos e galegas.
3. Solicitar ao Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a a comunicación con Compostela e A Coruña.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8034
Data envío: 18/04/2017 16:20:09.561

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2017 16:18:08

Marcos Cal Ogando na data 18/04/2017 16:18:35

Antón Sánchez García na data 18/04/2017 16:18:46

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 12988(10/PNC-001223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento co fin de que proceda á mellora do firme da N-540, nas inmediacións da localidade de Chantada, e de maneira especial no tramo que comunica a estrada LU-533 co corredor CG 2.1 (de Chantada a Lalín)

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:39
Nº Rexistro: 12988
Data envío: 21/07/2017 11:39:30.131

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa das deputadas e deputados Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Raquel Arias Rodríguez, Gonzalo Trenor, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Luis Varela Suances-Carpegna, o abeiro do disposto nos artigos 160, e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos:

A estrada nacional N-540 que une Lugo con Ourense, atópase dende hai tempo nun estado de mantemento deficiente.

Destaca de modo moi apreciable o seu mal estado nas inmediacións da localidade de Chantada, e de maneira especial, no tramo que comunica a LU-533, co corredor CG 2.1.

Conservar a rede de estradas en óptimas condicións para incrementar a seguridade viaria e proporcionar aos usuarios unhas vías máis cómodas que faciliten os seus desprazamentos debe ser un obxectivo prioritario das distintas administracións con competencias na materia.

Así o está a facer a Xunta de Galicia na rede de estradas autonómicas. Un dos exemplos máis recentes e próximos témolo na estrada LU-612, onde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitou, no pasado mes de xuño, obras para o reforzo do firme, ao seu paso polos concellos de Portomarín e Guntín, por importe que supera os 830.000 €.

O estado do firme das estradas redunda en maior seguridade viaria, razón pola que, cómpre instar tamén á administración titular da N-540, neste caso o Ministerio de Fomento, para que proceda a mellorar o firme desta vía nas inmediacións da localidade de Chantada, e pormenorizadamente, no tramo sinalado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 11:39
Nº Rexistro: 12988
Data envío: 21/07/2017 11:39:30.131

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento, a fin de que proceda a mellorar o estado do firme da N-540, nas inmediacións da localidade de Chantada, e de maneira especial, no tramo que comunica a LU-533, co corredor CG 2.1 (de Chantada a Lalín)”

Santiago de Compostela, 21 Xullo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/07/2017 11:36:17

María Julia Rodríguez Barreira na data 21/07/2017 11:36:39

Martín Fernández Prado na data 21/07/2017 11:36:59

Jaime Castiñeira Broz na data 21/07/2017 11:37:22

Marta Novoa Iglesias na data 21/07/2017 11:37:30

Raquel Arias Rodríguez na data 21/07/2017 11:37:47

Gonzalo Trenor López na data 21/07/2017 11:38:06

Jacobo Moreira Ferro na data 21/07/2017 11:38:21

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/07/2017 11:38:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 18483(10/PNC-001500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan de actuación para a conservación, mantemento, dinamización e promoción do parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e San Xulián de Marín, así como a consignación para o ano 2018 dunha partida orzamentaria para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

Publicación da iniciativa, 236, 10.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18483
Data envío: 09/10/2017 13:24:49.281

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18483
Data envío: 09/10/2017 13:24:49.281

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, está practicamente seca. Non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Os baños precisan mellorar o mantemento e limpeza

g) As zonas dedicadas a mesas e asadoiros están en moitas partes invadidas pola maleza e case non se ven.

h) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18483
Data envío: 09/10/2017 13:24:49.281

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cotobade do Centro de Recuperación de Aves que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

Tendo en conta a gravidade do estado en que se encontra o parque, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Aprobar antes de finais de 2017 un plan de actuación para a conservación, o mantemento, a limpeza, a dinamización e a promoción do parque forestal de Castiñeiras co obxecto de que se converta de novo nun gran espazo ambiental, social, cultural e de lecer e nun atractivo para o turismo.

2. Incluír nos orzamentos da comunidade autónoma de 2018 unha partida económica para o desenvolvemento do citado Plan.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:24
Nº Rexistro: 18483
Data envío: 09/10/2017 13:24:49.281

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2017 13:09:02

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2017 13:09:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/10/2017 13:09:10

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2017 13:09:12

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2017 13:09:13

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 13:09:21

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 18622(10/PNC-001509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co risco que presentan para as
persoas usuarias os danos detectados na calzada da vía de
Santa Mariña que bordea a praia de Razo, así como na zona
coñecida como "baixada da Cabreira", no concello de Carballo

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 18:06
Nº Rexistro: 18622
Data envío: 10/10/2017 18:06:27.943



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Recentemente, nunha visita á parroquia de Razo, polo Grupo Municipal Socialista de Carballo, detectáronse danos graves na calzada do viario (Sta Mariña) que bordea a praia de Razo desde a altura do número 15 até o número 20.

Avanzando aínda máis na vía, na zona coñecida como "baixada da Cabreira" atopáronse con que os derrubes son aínda máis importantes e notorios, dando a impresión de que algún noiro está a piques de derrubarse sobre a praia en calquera momento.

Ante tal panorama, regresaron tres días máis tarde en compañía dunha xeóloga e un enxeñeiro de minas, os cales confirmaron o que nos temiamos: que a posibilidade de derrube é inminente, cun alto perigo para a vida dos usuarios que nese momento se atope na praia.

Ambos recomendaron a aplicación de medidas urxentes de consolidación e contención no noiro que está á altura do "Náutico" (número 15 da vía), entre outros. Sinalaron ademais os puntos inestables e deteriorados dos antigos muros provisionais a pé de praia. Nalgúns casos as simples vibracións do tráfico rodado ou a chegada dun novo temporal, poden bastar para desencadear o derrube.

En canto aos desprazamentos na baixada da Cabreira, indicaron que neste caso os danos son irreparables, que non ven posible conter o gran desprazamento do terreo froito da erosión natural e que é cuestión de tempo (pouco tempo) que toda aquela zona se derrube sobre a praia.



Grupo Parlamentario

Así mesmo, segundo o consello de ambos técnicos, a solución ao problema sería realizar un derrube controlado e logo un rebo, que así mesmo estiman moi laborioso.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación que consideramos de alarma, non é cuestión de suposición ou especulación, senón baseada na opinión dos técnicos experimentados e con alta cualificación.

Ademais desgraciadamente, aínda está na memoria de todos varios casos similares e cun desgraciado final, como aquel ocorrido na praia María Luisa do Algarve, no sur de Portugal, coa trágica morte de 5 persoas, no verán do 2009.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central para que lle solicite á Demarcación de Costas - Costas e Medio Mariño, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente:

1º) A adopción de medidas urxentes de consolidación de noiros na zona que abarca do número 15 ao 20 do viario Sta Mariña que bordea a praia de Razo. Así mesmo, a que de forma inmediata se sinalice e protexa o acceso ás zonas con risco de derrube inminente.

2º) Que emprenda as tarefas necesarias para sinalar e restrinxir o acceso á zona máis perigosa da baixada da Cabreira, e inmediatamente emprender as tarefas para eliminar tan grave risco para a vida das persoas usuarias da praia.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/10/2017 17:53:30

Raúl Fernández Fernández na data 10/10/2017 17:53:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 18:06
Nº Rexistro: 18622
Data envío: 10/10/2017 18:06:27.943



 [Grupo Parlamentario](#)

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2017 17:53:56

María Luisa Pierres López na data 10/10/2017 17:54:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/10/2017 17:54:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 21517(10/PNC-001761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego do financiamento preciso para a revisión e actualización do Plan especial de protección do núcleo histórico do concello de Corcubión e a súa materialización no menor tempo posible

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 16:56
Nº Rexistro: 21517
Data envío: 14/12/2017 16:56:39.949



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O concello de Corcubión é, xunto co concello de Betanzos, un dos dous concellos que se vén na obriga de adaptar e revisar o Plan especial de protección do conxunto histórico deste concello, e obrigados pola Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga, para aqueles concellos con Plan especial de protección anteriores á Lei 8/1995, supón un serio problema para un concello pequeno e que manexa un orzamento anual de 1,3 millóns, dos que 770.000€ son soamente para pagos de persoal.

A pouca marxe económica e a urxencia da adaptación á Lei actual do Plan especial de protección do conxunto histórico levou a manter dúas reunións coa Secretaria Xeral de Urbanismo, en xaneiro e outubro deste ano, co fin de pedir o apoio económico da consellería para poder desenvolver o plan e para o que precisan unha inversión de menos de 100.000 €.

A negativa de colaboración económica por parte da Administración autonómica, aludindo falla de partidas para este fin, e as implicacións que provocará a non actualización do plan a tempo para a data límite que marca a lei, en agosto do 2018, leva a este Grupo Parlamentario Socialista, a presentar esta iniciativa. É preciso solicitar a implicación da Xunta de Galicia nun problema que podería solucionarse cunha axuda que resultaría pequena para a Administración autonómica, pero



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 16:56
Nº Rexistro: 21517
Data envío: 14/12/2017 16:56:39.949



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

grande para un concello como o de Corcubión de apenas 1600 habitantes.

Un concello modélico, tanto por ser dos primeiros en implantar un Plan especial de protección para o casco histórico así como polas intervencións que dende a ARI vén facendo nos últimos anos, algunha delas premiada a nivel autonómico, e para quen a perda dos beneficios da existencia deste plan especial así como o axeitado funcionamento da Área de Rehabilitación Integral pode supor un freo e parálise da actividade rehabilitadora e de mellora das condicións de vida das persoas que o habitan.

Oficina de rehabilitación que canalizou axudas para 61 veciños e veciñas nos últimos anos, con subvencións de preto de 465.000 € durante os 7 anos que leva en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar economicamente co concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do Plan especial de protección do casco histórico e materializar esta colaboración no menor tempo posible.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 16:56
Nº Rexistro: 21517
Data envío: 14/12/2017 16:56:39.949



 **Grupo Parlamentario**

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/12/2017 16:33:07

María Dolores Toja Suárez na data 14/12/2017 16:33:12

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/12/2017 16:33:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/12/2017 16:33:28

Raúl Fernández Fernández na data 14/12/2017 16:33:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/12/2017 16:33:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2017 16:33:42

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 22473(10/PNC-001818)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a rede de abastecemento de auga da cidade de Vigo, así como ampliar e modernizar a ETAP do Casal

Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados , **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A recente seca que vimos de padecer volveu por en evidencia os graves problemas de abastecemento de auga que pode chegar a padecer a cidade de Vigo.

Vigo ten 70 km de rede de fibrocemento que, con máis de 30 anos de antigüidade, está obsoleta. Así, esta rede presenta problemas de continuas roturas, perdéndose así unha grande cantidade de auga para o consumo, polo cal deberíase renovar a rede de subministro de auga potable á cidade, tal e como recoñeceu o propio alcalde de Vigo en 2007.

A falla de inversión durante anos, tanto por parte do Goberno do Estado, da Xunta de Galiza como do Concello de Vigo, na mellora da rede de abastecemento de auga, co fin de paliar os graves problemas de perdas que presenta (en torno a un 30%), levou a que a día de hoxe non se dispoña dunha rede de abastecemento en condicións que evite as importantes perdas de auga no subministro á cidade e concellos da contorna.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 10:03
Nº Rexistro: 22473
Data envío: 09/01/2018 10:03:27.693

2. Por outro lado, a planta potabilizadora como é a ETAP do Casal é unha infraestrutura fundamental para garantir a calidade da auga subministrada a Vigo. Esta planta, de titularidade municipal, precisa dunha urxente ampliación e mellora das súas instalacións, tal e como recoñeceron os propios Servizos Xerais do concello de Vigo en 2010.

Sete anos despois, o certo é que non se acometeron estas obras tan necesarias na ETAP nin por parte do concello de Vigo nin da Xunta, a pesares de que en 2012 a Xunta fixo público un acordo co Ministerio de Medio Ambiente para realizar a citada obra.

3. No BNG acreditamos que esta seca viu demostrar que a auga é un ben escaso e que esixe un uso racional da mesma. Cómpre pois abrir un debate rigoroso sobre a xestión hidrográfica. Un debate no que se poñan todas as alternativas enriba da mesa mais que se faga con análises serias que contemplan propostas reais e sostibles para a xestión da auga.

Logo, para o BNG é fundamental dispor dun plan de xestión eficiente da auga para a cidade de Vigo que, a maiores de políticas de aforro, contemple a mellora da rede de abastecemento de augas concello e a optimización da xestión dos recursos hídricos existentes na propia cidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a acometer, en colaboración co Goberno do Estado e o Concello de Vigo, a realización das obras de mellora na rede



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 10:03
Nº Rexistro: 22473
Data envío: 09/01/2018 10:03:27.693

de abastecemento de auga da cidade de Vigo, así como as de ampliación e modernización da ETAP do Casal comprometidas.”

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 10:02:33

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 10:02:38

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 10:02:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 10:02:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 10:03
Nº Rexistro: 22473

Data envío: 09/01/2018 10:03:27.693

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 10:02:47

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 10:02:50

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Pregunta

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 01.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 21559(10/POC-003459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o sistema de abastecemento de auga que está a utilizar Elnosa, o lugar de captación e a súa autorización, así como a valoración do Goberno galego en relación co incremento do consumo previsto pola empresa nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

1. A Xunta de Galiza estalle alfombrando o camiño á empresa ELNOSA para seguir fabricando cloro na súa ubicación actual na parroquia de Lourizán, en terreos de dominio público marítimo terrestre. O último paso nesta estratexia de consolidación na contorna de Pontevedra dunha actividade industrial considerada nociva e perigosa foi a aprobación, o pasado 11 de decembro, dunha nova Autorización Ambiental Integrada.

Séguese deste xeito un guión preestablecido, exactamente o mesmo que se utilizou con ENCE: unha vez adoptada a decisión política de favorecer a continuidade de empresas contaminantes en terreos de dominio público gañados ao mar, retórcese ou adáptase a lei a medida dos intereses de empresas privadas e en contra do interese xeral. E todo isto nun proceso falto de transparencia, con negociacións ocultas e contravindo anuncios, normas e compromisos anteriores da Xunta, contrarios á continuidade destas empresas no actual emprazamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559
Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

2. Na tramitación da Autorización Ambiental Integrada a ELNOSA, o concello de Pontevedra presentou alegacións nas que facía constar a modificación substancial do proceso produtivo e as súas consecuencias especialmente no que ten que ver coa abastecemento de auga e vertido de efluentes líquidos. Segundo os informes dos técnicos do concello de Pontevedra, estas modificacións substanciais xustificaban a necesidade dun estudo de avaliación de impacto ambiental, tal como determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

Cómpre sinalar a este respecto que o cambio tecnolóxico proposto suporá unha modificación significativa no consumo anual de auga nunha zona que está en alerta hidrolóxica, xa que vai pasar de 200.000 a 300.000 m³. Tamén se producirá un incremento moi importante na vertedura de augas residuais, que se incrementará nun 100%, pasando de dos 55.000 m³ actualmente autorizados a 100.000 m³ ao ano.

3. Por outra parte, descoñécese que figura de planeamento vai utilizar a empresa para amparar as obras que é preciso realizar. E neste sentido, é do máximo interese saber se a Xunta de Galiza ten previsto aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que lle dea cobertura legal ás actuacións previstas.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559
Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

-Que sistema de abastecemento de auga utiliza a empresa ELNOSA?

-Onde capta a auga para abastecer a factoría e con que autorización conta para facelo?

-Como valora o Goberno galego o incremento previsto de consumo de auga por ELNOSA nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/12/2017 09:56:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559

Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

María Montserrat Prado Cores na data 15/12/2017 09:56:45

Ana Pontón Mondelo na data 15/12/2017 09:56:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/12/2017 09:56:48

Olalla Rodil Fernández na data 15/12/2017 09:56:49

Noa Presas Bergantiños na data 15/12/2017 09:56:51